




O río dos muíños



O río dos muíños

# RUTA

O río dos muíños



FOTOGRAFÍAS DE VANESA ABELAIRAS E A. CABANA



Plan de Excelencia Turística





## O río dos muíños

Nesta ruta percorrерemos un lugar máxico e case salvaxe que case parece un imposible tan preto dunha cidade de case 100.000 habitantes.

O río Mera, afluente do Miño, forma un val moi caracterizado que articula en boa parte as terras do concello. Tamén é por aquí por onde pasa o Camiño Primitivo, o primeiro camiño de Santiago, gran vía de civilización pola que circulaban as xentes e as ideas de case toda Europa.

Na última parte do seu curso, o Mera forma unha fermosa ferverza, que co seu muíño é o punto final e o verdadeiro clímax deste percorrido. A marxe dereita do río coincide con monte comunal, e esta foi a razón principal de que se manteña como está. Os veciños da parroquia de Orbazai aman e respectan este monte. Grazas a eles e ós seus devanceiros, podemos gozar hoxe desta deliciosa camiñada, e debemos testemuñarlles o noso agradecemento cun coitado exquisito e un respecto absoluto pola terra e o río.

Chamámoslle a esta ruta *o río dos muíños*, non porque os outros ríos non os teñan, senón porque ata hai moi pouco os muíños do Mera foron moi importantes para a cidade de Lugo, á que contribuían a abastecer de fariña. No treito que imos percorrer atoparemos tres excelentes exemplos cos seus **caneiros** e **pesqueiras**; aínda que hoxe non moian, os seus sistemas hidráulicos están ben conservados.

## Flora e fauna

As transformacións na agricultura acabaron co aproveitamento tradicional do monte, e nas últimas décadas a vexetación reconstituíuse vizosamente, formando unha fraga natural.

**Carballos, ameneiros, freixos, salgueiros, bidueiros, castiñeiros, abelairas, cerdeiras e pereiras bravas, sanguños, estripas ou esterpes, sabugueiros ou bieiteiros, abruñeiros, acivros...** A pequena flora é innumerable, e destaca a abundancia do fermoso fento real, sobre todo no último tramo do camiño, cando o río se estreita e gaña forza. No seu tempo veremos tamén unha gran variedade de cogomelos, entre eles unha chea de preciosas amanitas... das máis velenosas.

En canto á fauna, a riqueza de aves é moi grande; cun pouco de sorte, podemos observar incluso o **merlo rieiro** ou **pasarrios**, en xeral nada fácil de ver. A presenza de peixes redúcese ás **troitas**, e tamén a algunhas **anguías** que conseguiron superar as altas presas hidroeléctricas; pero non é fácil que as observemos, pois tenden a ocultarse na lama do fondo. Antes dos encoros eran abundantísimas, e para pescalas facíanse as **pesqueiras**, das que aínda veremos un exemplo. Entre os anfibios, pódense ver a píntega ou pinchorra e mais a ra dos regos, que saltará á auga cando pasamos á beira do río.

## Itinerario

Seguimos o indicador de dirección, e chegamos a unha fonte. Viramos algo sobre a dereita, e despois outra vez, e collemos por xunta o río augas abaixo para ver un muíño co seu **caneiro**.

Volvemos sobre os nosos pasos, agora sempre augas arriba. O **caneiro** que acabamos de ver ten unha grande influencia no aspecto do río, que durante un bo treito se nos amosa fondo e cun curso lentísimo. Pouco a pouco, vai recuperando o seu aspecto natural, e vese que é realmente un río de non moito caudal, máis rápido, sobre un leito de area e pedras graníticas.

Atoparemos os restos dunha pesqueira. En tempos, as anguías eran abundantísimas, e nas épocas de migración collíanse por quintais no Miño e nos seus afluentes.

Pouco despois atopamos unha estrada estreita e unha ponte. Este lugar é un **porto**. Nos ríos, este nome designa un vao ou paso natural por un sitio pouco fondo, prolongado artificialmente nas dúas ribeiras por un camiño que as corta, arrincando ó nivel do leito, para subir cunha pendente doada. Por el podían pasar as persoas, o gando e os carros cando o caudal o permitía, que era precisamente nas épocas de primavera tardía, verán e outono, é dicir, nos tempos de traballo da terra.

Seguimos pola mesma ribeira, e de contado atopamos outro muíño. Este non precisa presa no Mera, pois a auga era levada ata el por un **rairo**, unha canle artificial que a collía do río máis arriba, aproveitando o desnivel.

A partir de aquí, atoparemos unha grande abundancia de fento real.

Un pouco despois do muíño, apartámonos algo do río, pero sempre paralelamente ó seu curso. Chegamos a unha ferverza, formada por grandes penedos, e vemos na outra ribeira o chamado muíño de Abelleira, hoxe usado por un particular como vivenda secundaria. É un lugar de beleza estremecedora.

Aquí podemos ou non facer un breve percorrido augas arriba, bastante difícil e perigoso, de forma ovalada, que nos devolvería ó mesmo punto.

Damos a volta augas abaixo, agora pola beira do río; atoparemos unhas asombrosas esculturas feitas en grandes penedos. O camiñante pode fantasiar e intentar adiviñar o que son; nós non o sabemos certo. Diremos só que dúas delas corresponden con tipoloxías románicas: a cabeza dun *Agnus Dei* coma os que adornan os cumiais de moitas igrexas medievais, e un ser monstruoso que se mostra papo arriba.

Agora o río ten no medio unha **insua** de máis de cen metros de longo, formada por grandes penedos, con moita vexetación. Chegamos ó mesmo camiño que trouxemos, e seguímolo ata a ponte. Entón, collemos á dereita e, sempre na mesma dirección dominante, seguimos un carreiro a bastante altura que nos permite unha vista diferente da ribeira, e tamén das terras da outra banda do Mera. Un pouco máis, e volvemos naturalmente ó río durante outro tramo. Un novo indicador apártanos durante pouco máis de cen metros do camiño de ida, que volvemos a encontrar de novo, moi cerca xa da fonte do Segade e da área recreativa.






# O río dos muíños



## Como chegar

**En coche:** Desde a oficina municipal de Turismo (na Praza da Constitución) segue a Rolda da Muralla e a algo máis dun quilómetro –á altura da gasolinera– colle o desvío á dereita en dirección a Santiago de Compostela (pola rúa Xermán Alonso Hortas). A uns 200 metros, no seguinte cruce (na Praza Fonte dos Ranchos), xira á esquerda cara á N-540 a Ourense, e segue pola Avenida das Américas –sen desviarse– ata cruzar o río Miño. Tras pasar a ponte, segue uns 300 metros e atoparás un aparcadoiro a man dereita ó carón dun piñeiro, xusto ó carón da área recreativa do Monte Segade. O punto inicial da ruta está aí, na pista asfaltada que une a estrada nacional coa estrada de Orbazai.

Pero tamén podes ir a pé desde a cidade ou en autobús urbano (liñas 11 e 11 E).



- Ruta
- Enlace a outra ruta
- Retorno opcional
- Panel informativo
- Aparcadoiro
- Muíño
- Área de descanso
- Parada de autobús
- Núcleo de poboamento

### RECOMENDACIÓNS:



### INFORMACIÓN DE INTERESE:

Oficina Municipal de Turismo: 982 297 347  
 Oficina de Turismo, Xunta de Galicia: 982 231 361  
 Centro de Atención de Emerxencias: 112  
 Teléfono do Concello: 010  
[www.lugo.es](http://www.lugo.es)

**LONXITUDE:** 4 qm.  
**DURACIÓN APROXIMADA:** a pé, 1 h. e media; en bicicleta, 1 h.  
**MODO DE PERCORRIDO E DIFICULTADE:** baixa dificultade a pé, agás a parte máis alta río arriba; en bicicleta, dificultade media.  
**CONEXIÓNS:** conecta ca ruta *As ribeiras altas, Miño arriba*.

### PERFIL TOPOGRÁFICO:

